



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias abril 2017

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de abril deste ano 2017 acadou a cifra de 964.468 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de marzo de 5.334 afiliacións (un 0,56%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.122.222, rexistrando un incremento do 1,18% con respecto a marzo de 2017.

Na comparativa interanual (abril de 2017 con abril de 2016) obsérvase un incremento de 21.112 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,24%), e un incremento do 3,77% (658.386 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de marzo de 2017 todas as comunidades autónomas presentan taxas intermensuais positivas destacando Baleares (10,74%) seguida, aínda que xa con crecementos máis moderados, de: Murcia (1,82%), Andalucía (1,60%), Cataluña (1,31%), Navarra (1,28%), Extremadura (1,18%) e Cantabria (1,13%).

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos atopámoslos en: Baleares, Canarias, Murcia, Cataluña, Comunidad Valenciana e Andalucía (todas elas con taxas por riba do 4%). A taxa de variación relativa interanual máis baixa é a de Extremadura (2,12%) facendo así que a do conxunto do estado presente un valor positivo do 3,77%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2017	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.122.222	212.215	1,18	658.386	3,77
Galicia	964.468	5.334	0,56	21.112	2,24
Andalucía	2.970.545	46.794	1,60	118.927	4,17
Aragón	540.807	3.884	0,72	19.450	3,73
Asturias	356.125	3.008	0,85	7.591	2,18
Baleares	476.146	46.192	10,74	34.640	7,85
Canarias	756.232	3.548	0,47	38.084	5,30
Cantabria	207.231	2.311	1,13	6.030	3,00
Castilla La Mancha	653.467	3.554	0,55	18.931	2,98
Castilla y León	886.047	5.741	0,65	20.058	2,32
Cataluña	3.254.091	42.015	1,31	130.670	4,18
Comunidad Valenciana	1.768.762	12.175	0,69	70.870	4,17
Extremadura	378.944	4.434	1,18	7.859	2,12
Madrid	2.989.443	14.482	0,49	106.542	3,70
Murcia	558.394	9.957	1,82	25.225	4,73
Navarra	268.820	3.401	1,28	8.145	3,12
País Vasco	926.545	4.513	0,49	20.079	2,22
La Rioja	123.230	716	0,58	3.688	3,09
Ceuta e Melilla	42.921	154	0,36	481	1,13

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,59%, o que supón 8.363 afiliacións máis, seguida de A Coruña, cunha taxa interanual do 2,40%, e Lugo (1,48%). A provincia con menor incremento relativo é Ourense, onde se rexistraron 1.307 afiliacións máis que en abril de 2016, un incremento relativo do 1,33%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de abril con respecto ás do pasado mes de marzo de 2017, rexistrouse un incremento en Galicia do 0,56%. As catro provincias galegas amosan uns datos positivos sendo Pontevedra e Lugo con taxas de 0,83% e 0,69% respectivamente as que teñen as taxas máis elevadas.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2017	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	414.750	1.499	0,36	9.718	2,40
LUGO	118.418	812	0,69	1.724	1,48
OURENSE	99.591	285	0,29	1.307	1,33
PONTEVEDRA	331.709	2.738	0,83	8.363	2,59
GALICIA	964.468	5.334	0,56	21.112	2,24
ESPAÑA	18.122.222	212.215	1,18	658.386	3,77


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 75,5% das afiliacións galegas en abril de 2017, aumentaron un 0,69% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,19%. En España estas taxas foron do 1,32% con respecto a marzo de 2017 e do 4,42% en relación ao mes de abril de 2016. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (68,6%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,72% sendo Lugo a que amosa o peor comportamento cunha taxa negativa do -1,55%. Para este réxime e con respecto ao mes pasado, estas taxas son nembargante positivas nas catro provincias e temos así unha taxa do 0,18% para o conxunto de Galicia. A taxa nacional para este réxime presenta tamén variacións positivas con respecto a marzo de 2017 (0,54%) e con respecto a abril de 2016 (0,94%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a abril de 2016 son positivas en todas as provincias. Nembargante non ocorre o mesmo coas taxas intermensuais nas que destaca Lugo cunha taxa de variación do 2,89% (a máis positiva) seguida por Pontevedra (1,12%) mentres que en A Coruña a taxa é negativa (-4,52%) amosando así a taxa galega un descenso do -0,38% con respecto a marzo de 2017 e un incremento do 0,53% se a comparación se realiza con abril de 2016.




Fonte: Ministerio de Empleo y seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DE ABRIL 2017	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	414.750	0,36	2,40
LUGO	118.418	0,69	1,48
OURENSE	99.591	0,29	1,33
PONTEVEDRA	331.709	0,83	2,59
GALICIA	964.468	0,56	2,24
ESPAÑA	18.122.222	1,18	3,77
R. XERAL			
A CORUÑA	322.085	0,52	3,33
LUGO	81.259	0,93	2,82
OURENSE	74.316	0,30	2,16
PONTEVEDRA	250.911	0,96	3,46
GALICIA	728.571	0,69	3,19
ESPAÑA	14.841.054	1,32	4,42
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	86.815	0,12	-0,75
LUGO	35.559	0,06	-1,55
OURENSE	25.275	0,25	-1,04
PONTEVEDRA	67.117	0,31	-0,11
GALICIA	214.766	0,18	-0,72
ESPAÑA	3.214.007	0,54	0,94
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.850	-4,52	0,15
LUGO	1.601	2,89	3,62
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.681	1,12	0,34
GALICIA	21.132	-0,38	0,53
ESPAÑA	64.516	1,62	1,58

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>